



# BOP

MARTES, 27 DE FEBREIRO DE 2024

N.º 048

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

*Anuncio*



#### **APROBACIÓN AMPLIACIÓN DO PRAZO DE SOLICITUDES DA CONVOCATORIA PARA O FOMENTO DO ALUGAMENTO E CREACIÓN DUNHA BOLSA DISPOÑIBLE DE VIVENDAS NO RURAL NA EXECUCIÓN DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO” PARA A ANUALIDADE 2024.**

Na Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 23 de febreiro do 2024, acordase:

A ampliación do prazo de presentación de solicitudes, a través da modificación da Base 8 e do Anexo I da Convocatoria para o fomento do alugamento e creación dunha bolsa de dispoñible de vivendas no rural na execución do programa “Y para vivir Lugo” para a anualidade 2024, que quedarían redactados do seguinte xeito:

- Base 8. Presentación das solicitudes:

Onde di:

“Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito abondo, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo”, previa modificación das bases

(...)”

Debe dicir:

“Os interesados dispoñen dun prazo dun mes e medio contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

(...)”

- Anexo I:

Onde di:

(...)

Presentación de solicitudes

Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito suficiente, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP da provincia de Lugo e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo” a través da modificación das bases.

(...)

Debe dicir:

(...)

Presentación de solicitudes

Os interesados dispoñen dun prazo dun mes e medio contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP).

(...)

Lugo, 23 de febreiro "O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO DELEGADO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL, Pablo Rivera Capón"

R.0545

## CONCELLOS

### ALFOZ

#### Anuncio

Por Resolución da Alcaldía 2024-86, de data 21 de febreiro de 2024 prestouse aprobación as bases e á convocatoria para a selección, por concurso-oposición, para o nomeamento de funcionario de carreira, dunha praza de arquitecto/a técnico/a do Concello de Alfoz. O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado.

Publícanse as bases reguladoras que rexerán a convocatoria:

**BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA E SELECCIÓN, EN RÉXIME DE FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA PRAZA VACANTE DE ARQUITECTO/A TÉCNICO/A DO CONCELLO DE ALFOZ. (OEP EXCEPCIONAL 2023).**

#### CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA OBXECTO DAS BASES

Provisión en propiedade da praza que se inclúe na Oferta Pública de Emprego extraordinaria correspondente ao exercicio do ano 2023, aprobada por Resolución de Alcaldía 1000/2023 de data 26 de decembro, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nº 298 (30/12/2023) e Diario Oficial de Galicia número 14 (19/01/2024).

#### RELACIÓN XURÍDICA

A persoa aspirante que resulte seleccionada, prestará servizos como funcionario de carreira do Concello de Alfoz, a xornada completa.

#### CARACTERÍSTICAS DA PRAZA

Denominación da praza: Arquitecto/a Técnico/a  
Escala de Administración especial, Subescala Técnica  
Grupo A-A2.  
CD: 22.  
CE (bruto mensual ): 460,41 euros.

#### VINCULACIÓN CO POSTO DE TRABALLO

PT006 Área funcional de urbanismo, obras e servizos, desenvolvemento local, medio ambiente e medio rural.

#### 1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E SISTEMA DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases de selección é a provisión dunha praza de Arquitecto/a Técnico/a adscrito á Área funcional de urbanismo, obras e servizos, desenvolvemento local, medio ambiente e medio rural do Concello de Alfoz, persoal funcionario de carreira, correspondente ao Grupo A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, mediante o sistema de concurso- oposición libre.

A praza se atopa dotada co soldo correspondente ao grupo A, subgrupo A2, dúas pagas extraordinarias, trienios e demais emolumentos que correspondan conforme á lexislación vixente, cun complemento de destino asignado 22 e un importe bruto mensual de complemento específico de 460,41 euros; todo iso condicionado aos cambios normativos que o goberno da Nación, ou no seu caso o Goberno autonómico poidan establecer no futuro, así como as modificacións retributivas que poidan producirse para o posto de adscrición correspondente, na RPT vixente (e sen prexuízo daquelas de índole persoal e/ou variables ás que, no seu caso, se poida ter dereito).

Entre outras funcións propias da súa categoría profesional, serán encomendadas á praza correspondente, as seguintes contempladas na RPT do Concello de Alfoz: